

omouchoasexante

Galegolandia

Número 1

Maiο 2006

Contido:

Editorial	1
Cousas do moucho	1
Aló imos!!!	2
De recuadas e conse- llarías que non existen	2
Galegochorantes	3
Os 061 da lingua	3
O espírito Jardón...	3
A entrevista im- posible...	4

Así non...



- * A páxina da AET aínda non ten opción en galego
- * O peche dos centros territoriais da TVE

Así si...



- * A publicidade bilingüe do Ministerio de Industria sobre a TDT
- * O maior número de caixeiros que falan galego

Editorial

Maiο é un bo mes para debutar, para saír á luz, para darlle ao prelo do Adobe e botar ao ciberespazo unhas páxinas PDF que requenten cousas xa ditas e engadan outras novas, se o fan en Política Lingüística por que non o ha de facer este moucho?

De maio dise que é o mes das flores e de María. E en Galicia, segundo este moucho, o mes da hipocrisía que ten o seu clímax o día 17. O día das portadas en lingua galega dos xornais patrios, deses mesmos xornais que logo traducen as entrevistas e declaracións feitas en galego, deses mesmos xornais que calzan as botas e gozan pisando canto “charco lingüístico” se crea neste país. Eses mesmos

xornais que lle dan espazo, liñas e caracteres a tipos como Calaza.

O 17 é o día dos anuncios dos concellos galegos neses mesmos xornais aireando unha suposta implicación co idioma, facendo gala dunha preocupación enorme e activa polo idioma, lembrándose de Cunqueiro unha e mil veces (un chega a pensar que a mala hora se lle ocorreu a fraseciña...). Eses mesmos concellos que logo releen prazas de lingüistas nas súas RPTs, que no mellor dos casos teñen en precario ao tradutor que un bo día aterrou tal cal paracaidista na casa consistorial. Eses mesmos concellos que choran os cartos para levar a cabo unha campaña ou un




curso aínda que esta proveña dunha subvención.

O 17 é o día dos libros-agasallo, das programacións e dos suplementos especiais, todo parece especial; é o día máis predicible, sábese o comezo, o final, os protagonistas, as frases... é o día da renovación da dose desa anestesia colectiva que cada ano nos inxectamos...

Cousas do moucho

- **Cousa curiosa:** un dicionario de sms multilingüe feito polos internautas
<http://www.diccionariosms.com>
- **Cousa clásica:** lembrádesvos do Corrixe? Aquel 1º corrector co que aprendimos a corrixe sen bolígrafo vermello e en pantalla, pois por aí segue (dispoñible para PC e Mac, todo un luxo !!!!)
<http://www.usc.es/ilgas/correcto.html>



Aló imos!!! 25.2.06

Comezamos e botamos a andar aló polo mes de febreiro e fixémolo cun tema clásico e é que o aparelliño este do *Blogger* pois non ten opción en galego e non queda outra que recorrer á lingua de Camões que diría un cursi.

Se isto botase a andar agora xa disporíamos dunha blogoteca en galego, as cousas na blogosfera galega avanzan a bo ritmo.



Boto andar por este espazo e xa levo a primeira labazada, o aparelliño non ten menús na lingua patria, ducias de linguas para escoller e a galaica non aparece... que se chinés de Hong Kong, que se chinés de Taiwan, que se español de Madrid, que se español de Chile, de Colombia, de Venezuela... (cal será a diferenza???)

que se portugués de Portugal, que se portugués do Brasil, que se portugués de día feriado, que se portugués de día solto... pero o galego velaí que non consta... ben, non consta até que un espabilado lle bote *breoganite* vaia e o traduza, co catalán xa pasou, e se todo será cousa de espabiladura???? non o creo, polo de agora agárrome ao portugués de Portugal e ir a boiando con el; o lusismo é moitas veces o flotador dos que queremos aprender a nadar sós.

De recuadas e consellerías que non existen 25.2.06 / 3.4.06

Primeiro: a convocatoria prevé unicamente a existencia de versións en galego dos exames; segundo: a prensa de sempre cacarexa a varias columnas a polémica e as queixas dos que se acordan dos pobres colegas de alén-Padornelo que non se poderán presentar; terceiro: a Xunta defende a legalidade da medida e invoca o Plan Xeral de Normalización!!!!; cuarto: a mesma Xunta semanas despois inaugura no DOG o libro das instrucións e protagoniza a gran recuada; quinto: a Mesa pretende a golpe de escritos e si-

naturas provocar unha segunda; sexto: seguro que nada cambia, o si pero non e o non pero si xa visto tantas veces. Xa se sabe: para atrás nunca nin para coller impulso!!!!!! Quen dixo que coma os cataláns nós non publicamos a nosa terminoloxía no DOG??? mentira, publicámola e mesmo poñemos exemplos prácticos...

Así é, a Xunta de Galicia non ten nin unha soa consellaría, como o len, son todas consellerías, algunhas novas, creadas canda o cambio de réxime e outras vellas que manteñen o mesmo nome de principio a fin ca antes, pero todas consellerías... Cando se produciu a reformiña ortográfica e se comezaron a visualizar os cambios (caso do Sergas) resultaba estraño ver que nada cambiaba na denominación das carteiras do executivo, dicíase daquela que Pita exercendo de *boss* se opuña,

que impedía tal cambio... Pita marchou ou, mellor dito, xa non está onde estaba, mais nada mudou co decreto 211/2005: mudaron denominacións pero perpetuouse innecesariamente o descriptor... Outra ocasión perdida para á colección...



Galegochorantes 18.3.06

Inventamos un neoloxismo porque non acabamos de entender esa teima por velar polos dereitos lingüísticos unha vez que nos vaiamos para o outro barrio, habendo como hai tanto por facer en vida!!!!!!

Non me gusta relacionar a morte coas linguas calquera que sexa esta, dáme certos arrepiños, polo que non me acaban de convencer estas campañas que garanten testamentos, lápidas e enterros en galego. Non é que non fagan faltan, pero son

un caso curioso de planificación lingüística post mortem do falante. Atraéme máis a idea de traballar e pular pola lingua daquel que ten toda a vida por diante que a de quen ten toda a eternidade, preferiría trocar últimos alentos por primeiros choros, camposantos por materno-infantís, cregos por matronas.



Se hai nenos que ao nacer os pais xa os fan son socios dun club de fútbol, por que non unha campaña que cree un club de neonatos galegochorantes? Por que non unha que garanta que as primeiras nadegadas que leva un meniño ao nacer sexan en galego?

Os 061 da lingua 18.3.06

Homenaxeamos aos SNL's porque sen eles a situación da lingua sería outra ben distinta

Gústame este debuxo do xenial Xaquín Marín. Transmite moito. Cal sería o estado da lingua en universidades, concellos, institucións ou empresas (as menos) sen esas unidades medicalizadas chamadas ser-

vizos de normalización lingüística?? Estado crítico? Comatoso? Morte cerebral? Nalgún SNL xa conseguiron subir o enfermo a planta; noutros o estado é estacionario, as curas en forma de traducións e correccións son constantes, a paciencia e tesón dos facultativos é fundamental e a melloría é lenta; noutros as carencias de

medios, as intermitencias do persoal e a falta dun verdadeiro interese simplemente permiten manterlle as constantes vitais e a respiración asistida...



O espírito Jardón... 4.4.06

Houbo que poñerse "serios" e sinalar os fantasmas que non desaparecen

...segue vivo, de cando en vez os Alejo Vidal-Quadras, Calazas e compañía encárganse de mantelo vivo, de resucitalo nos seus mellores momentos e de lembrarnos que vivimos en recantos peninsulares onde hostes



hostís e radicais impoñen as súas linguas. Un que se suma á lista é un tal Alfredo Aycart que denuncia no ABC (bo sitio para facelo hai que recoñecelo)

que o botaron da Radio Galega por non falar galego e que os *Touriño's boys* impoñen o galego nas oposicións e que Callón xa manda neste país tanto coma eles, e que el non ten nada en contra do galego, e que.....blablabla

A última

omouchoasexante
En calquera póla dunha fraga
galega, asexando sempre

Teléfono: comeza por 6
Fax: non posúo
Correo: omouchoasexante@hotmail.com

**"A lingua é a miña forma de
instalación no mundo"**
Bernardo Atxaga en *La pelota vasca*

<http://galegolandia.blogspot.com>

Olladas con sorna, olladas con enfado,
olladas ao exterior, olladas ao interior,
olladas escépticas, olladas esperanzadoras,
olladas que fan pensar, olladas para
esquecer; olladas interrogantes; olladas
declarativas; olladas exclamativas; olladas
ao ar; olladas desde a terra; olladas de
resignación; olladas de resistencia; olladas
que non entenden; olladas que non se
explican.

Porque os "chascarrillos" son moitos e non
todo vai ser perder falantes...

Entrevista imposible...

Secretario da RAG, responsable científico do Ramón Piñeiro, despacho no ILG, catedrá na facultade... é vostede o Ronaldinho das letras galegas?

Xa será menos e en todo caso quedome con Zidane

Xa pero Zidane xubilase e a vostede aínda lle queda corda...

Pois si, o que o corpo aguante

Como se consegue estar en tantos sitios á vez?

Pois ás veces en coche e cando vai bo tempo en moto...

E o seu nome soou para xefe da política lingüística galega...

Rumores que dicía a canción...

Sería por que xa está afeito a levar paos?

Talvez

Para cando o novo dicionario da Academia?

Queda un día menos...

E a base de datos do Termigal en liña?

Tamén un día menos...

Saberanse algún día as votacións que impediron en primeira rolda o acordo normativo?



Manuel González González

Non o creo, ademais auga pasada xa non move muíño

Ahh, como diría o amigo Pena que tan enriba anda dos dicionarios da Academia

Exactamente, para que despois diga

Pero moitas olladas apuntaron a vostede?

A alguén tiñan que apuntar

E por que a normativa saíu inicialmente con tantas grallas?

Cousas que pasan

Non tomou precaucións? quero dicir, non usou corrector?

Non

Mala cousa, non cre?

Mala, moi mala